


B E S T S I L E R A



MANUEL  
NÚÑEZ  
SINGALA

## MAR DE FONDO

Editorial Galaxia

# NOVELA

\*\*\*\*\*

## 'Mar de fondo', protagonistas singulares na encrucillada

Hai xa algún tempo que a Editorial Galaxia, dentro do lóxico afán de expansión que todo grupo editorial debe ter partindo das posibilidades xa técnicas, xa económicas, abría outra dimensión literaria que tenta ocupar un eido frecuentemente alonxado da realidade creadora: unha colección para autores e autoras que se inician no sempre complexo e satisfactorio mundo creativo e que leva por significativo título *Descuberta*. Aquí aparece esta primeira incursión novelística de Manuel Núñez Singala.

*Mar de fondo* desenvólvese coma unha historia entre as coordenadas do polímico, o psicolóxico e o amoroso, a partir de tres dimensións e perspectivas diferentes que agroman en cada capítulo gracias ós tres protagonistas que se verán involucrados e precipitados nunha trama, con traxedia, logo de ir derivando desde situacións diferentes. Eles, perseguidos polas súas vértolas e anódinas vidas implícanse progresivamente ó redor dun asasinato que os arrastra inexorablemente cara unha fin de complicidade cun desenlace que non por previsible é desatinado. *Mar de fondo* xoga con varias claves, tanto na estrutura coma no contido que implican pouco a pouco a un lector ávido por coñecer novos acontecementos e disfrutar coa ironía e visión do mundo tan crúa como real.

Maniféstanse na novela boas maneiras por parte dun narrador que sabe sorprender e que coñece as fórmulas para atraer o interese do lector, labores estes que non son pouca cousa e que desexamos apunten cara outras interesantes achegas no futuro.

Xavier Castro R.